



O CONCELLO DE NIGRÁN ABRE O PRAZO PARA SOLICITAR A NOVA BONIFICACIÓN DO 90% DA TAXA DO LIXO APROBADA EN PLENO

Pensionistas ou desempregados en situación de dificultade económica poden pedir por vez primeira unha bonificación do 90%

A solicitude por escrito debe facerse antes do 31 de decembro co obxectivo de obter o desconto de cara ao ano 2017

Nigrán, 28/10/16.- Pensionistas ou desempregados en situación de dificultade económica poden, por vez primeira no Concello de Nigrán, solicitar por escrito ata o 31 de decembro de 2016 unha bonificación do 90% na taxa pola recollida do lixo (ata agora o desconto era do 50%). Esta posibilidade responde ao acordo plenario de outubro de 2015 respaldado por tódolos grupos políticos excepto PP, que se abstivo.

As persoas en esta situación de dificultade económica deberán acreditar a mesma: non posuír o conxunto da unidade familiar ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional, non ser propietario ou usufructuario de bens urbáns (descontando a vivenda habitual e agás as de valor catastral inferior a 60.000 euros) ou en caso de parados, acreditar que levan alomenos 6 meses así dentro dos doce anteriores. Cando se estime favorable a solicitude terá efecto no exercicio seguinte, é dicir, os que o soliciten agora obterán a bonificación no recibo de 2017.

"Esta é a verdadeira política social que defendemos, que consiste en non cargar con máis impostos ou taxas á xente que menos ten. Para moitas familias a bonificación do lixo é moi importante para poder manter a súa economía doméstica", considera o alcalde, Juan González.



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA
